



O reto demográfico da Estrada: *Viva A Estrada viva!*

Manuel Blanco Desar*

Resumo. Diagnóstico demográfico da Estrada. Inminente caída dos 20.000 veciños. Erosión de xente nova. Consecuencias normativas, económicas e sociais. Comisión municipal especial de reto demográfico: iniciativa modélica. Proposta terapéutica integrada. Ordenanza codificadora de impulso demográfico. Recursos autonómicos, estatais e europeos.

Abstract. Demographic overview of A Estrada. Imminent decrease of 20,000 inhabitants. Decline in youth population. Social, economic and regulatory consequences. Special local committee for demographic challenge: a model initiative. Integrated therapeutic proposal. Ordinance for demographic boost. European, state and regional resources.

Introdución

Que é A Estrada? Esta é a primeira pregunta que debemos facernos os que desexamos unha Estrada viva, nova, con azos e cun fecundo futuro.

E que ha ser? Será a súa bandeira tricolor e o seu escudo? Será a súa casa consistorial? Será o que resta de Tabeirós, herdanza do Rei suevo Miro? Sinto resultar prosaico, pero inspirándome no Dereito comparado, A Estrada vén sendo a conxunción de tres factores:

- 1^º) A súa poboación.
- 2^º) O seu territorio.
- 3^º) A súa organización, incluíndo nela a súa rede consuetudinaria e institucional, e daquela a súa cultura popular, e máis o seu xeito de ser e estar na vella *Gallaecia* que entronca coa actual Galicia/Galiza.

* Lic. en Dereito, CC. Económicas e CC. Políticas pola USC. Membro do Padroado e do Consello de Goberno do Museo do Pobo Galego. Vogal da Comisión de Acción Exterior do Consello da Cultura Galega. Autor de *Una sociedad sin hijos: El declive demográfico y sus implicaciones* (ED Libros, Barcelona, 2018) e de *Fuxir de Proxería* (Fervenza Ed., 2019). Editor, coordinador e coautor de *Galicia: un pobo con futuro? O noso devalo demográfico* (Xerais, 2014), e de *Galicia, de hoxe noutros corenta anos* (MPG-IEI, 2020).

Isto é A Estrada. En Galicia poucas vilas hai con xente tan lexitimamente orgullosa das súas raíces. Pero destes tres elementos, o primeiro nono é por capricho: a poboación.

Sen poboación de seu non hai pobo, como tampouco hai nación sen nacionais, país sen paisanos, nin comunidade humana algunha con personalidade colectiva sen haber comuneiros. A poboación de seu é a que permite crear a ficción xurídica da correspondente entidade local ou territorial. Son os nados nun territorio que os aglutina os que daquela forman *pobo*, neste caso *pobo estradense*. Sen eles esa ficción *iuris et de iure*, aínda que non se destrúa con proba en contrario como outras ficcións xurídicas, baléirase de significado e pasa ser un significativo oco dunha terra abandonada, dunha *terra derelicta*. Tanto ten que o himno oficial da Estrada fale por boca do poeta Salvador García Bodaño de «Terra nobre, fidalga e ben labrada, dende Montes a ollar fecundos ríos», e de penedíos, soutos e camposas, de vales e outeiros... A terra sen xente pouco vale. A Estrada é pois moi primordialmente a súa xente, a que naceu e morreu dentro do seu termo municipal, e máis os seus fillos e a restante xente por ela adoptada como novos veciños, mediante unha sorte de *ius soli* local. A Estrada é, reitero, ante todo e sobre todo o pobo estradense.

Sei que esta resposta pode rachar moitos mitos ou esquemas preconcebidos. Se lle facemos esa pregunta primixenia á xente do común, aos estradenses ou *estratenses* da *Strata*, deste cruce de camiños que di a toponimia convencional, a maioría evocaría o mapa das 51 parroquias do termo municipal reconstituído, partindo do Concello de Cereixo entre 1836 e 1841. Fiquemos daquela con esta imaxe, que contradí a primeira definición suxerida, e que prima a poboación sobre o territorio.

Que acontecería na Estrada se, poñamos por caso, Sabucedo lle fose outorgada a Cerdedo-Cotobade? Penso que ata as xentes de Veá, Santeles ou Berres baixarían ao sur do concello para defender con uñas e dentes a pertenza de San Lourenzo de Sabucedo á Estrada, aínda que esta parroquia só tivese os 36 estradenses que di o Instituto Nacional de Estadística (INE), escaso número que ao parecer conservou en 2018.

En troques, nos últimos tempos, A Estrada veu perdendo por causas vexetativas bastantes máis que 36 estradenses anuais e, sen embargo, apenas algún veciño se sentiu compelido a reaccionar, como por outra banda é usual en toda Galicia, España e Europa diante de fenómenos análogos. Consonte o Instituto Galego de Estatística (IGE), en 2018 na Estrada morreron 175 persoas por riba das que naceron. Ou sexa, que foi como se perdesse uns cinco *sabucedos humanos* só nese ano. Seica case todos valoramos máis as persoas que as cousas, pero a evidencia demostra que nos doe maiormente perder un metro cadrado –e non digamos un ferrado de terra– que perder un conveciño e compatriota.

Pero, no medio desta letal inercia, que encolle a mocidade de toda Galicia sen que ninguén se alporice nin se desvele, na Estrada aconteceu hai ben pouco unha milagre digna de louvanza: o seu Concello aprobou por unanimidade e a proposta da oposición a creación dunha *Comisión Especial de Reto Demográfico*¹. Tan só por isto cómpre recoñecerllo á Corporación municipal, o mesmo pola iniciativa que polo compromiso atinxido. Agora, dado ese primeiro e fundamental paso, único que saibamos en Galicia e en España, sexamos empáticos, asertivos e propositivos, lembrando con Castelao –casado coa estradense Virxinia Pereira Renda, que descansa, xunto coas cinzas do seu fillo, no cemiterio de Figueroa– isto que aconsello contemplar en persoa no Museo de Pontevedra e escrito pola súa man:

Non lle poñades chatas á obra namentras non se remata.
O que pense que vai mal que traballe n'ela;
hay sitio para todos.

Diagnóstico preliminar

A creación desa *Comisión Especial de Reto Demográfico* na Estrada, tan atinada *per se*, veu ademais empurrada por un temor comprensible xunto cun San espírito de competición: polo verosímil risco de que A Estrada baixe dos 20.000 veciños e que, por riba, se vise superada por Lalín.

¹ Vid. *Faro de Vigo e La Voz de Galicia*, do 25.6.2020.

Perder a cota dos 20.000 veciños pode ser dramático, canda menos mentres siga vixente o artigo 124 e os concordantes do *Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales*.

Baixar do chanzo dos 20.000 veciños infliría un golpe económico terrible para un termo municipal tan extenso como A Estrada, xa que recibiría menos ingresos globais –e logo *per cápita*– da Facenda do Estado, mentres que ao tempo aínda tería que continuar mantendo unha chea de custes fixos, vencellados con esa extensión –puntos dispersos e afastados de recollida de lixo, preservación de quilómetros de camiños, sostemento dos mesmos puntos de luz para menos poboación... Iguamente, o Concello tería que seguir asumindo con menores ingresos outros custes fixos de diversos equipamentos e servizos, que daquela encarecerían a súa factura por veciño –mantemento e conservación das infraestruturas de depuración de augas residuais, preservación do cadro de persoal funcionario... Só baixaría *prima facie* o número de concelleiros, de 21 a 17, segundo o artigo 179 da *Ley Orgánica 5/1985, de 19 de Junio, del régimen electoral general*, o que non reportaría aforro, dado que a maioría dos concelleiros traballan de balde a prol da cidadanía, ademais de recortar as opcións de meirande pluralidade política.

En suma, baixar dos 20.000 habitantes suporía un golpe fiscal moi severo para a Facenda municipal, aínda que tamén implicaría unha malleira económica polo menor dinamismo do consumo e do investimento na Estrada –remítome aos traballos de Franco Modigliani, Premio Nobel de Economía– e ao vencello existente entre o ciclo vital e mailo consumo e o aforro.

Mentres, a San competencia con Lalín pula dun efecto emulador moi respectable. O 9.XII.2016 escribín un artigo na miña columna *A síndrome G*, da *Voz de Galicia*, que titulei *Lalín: o noso Stalingrado demográfico*², onde alertaba do grave risco da perda da cota dos 20.000 habitantes na vila irmá, por ser porta e limiar á Galicia central e oriental, onde a senescencia e a infecundidade manifestan a súa peor faciana para o futuro do pobo galego. En 2015, Lalín estivo a piques de baixar de chanzo, por descender a só 20.005 veciños. Iso

2 *La Voz de Galicia*, venres 9.XII.2016, sección de opinión, páxina 14.

xerou unha reacción desesperada do seu Concello, do que a prensa deu boa conta:

- Faro de Vigo, 20.X.2015: *El gobierno pide «compromiso» a los trabajadores del Concello para mantener los 20.000 habitantes.*
- Faro de Vigo, 30.III.2016: *Lalín registra 20.042 habitantes y garantiza la primera categoría para el próximo año. El dato facilitado por el INE es del 1 de enero pasado. El anterior, de un año antes, situaba el censo en 20.005.*
- Faro de Vigo, 17.XI.2016: *El gobierno de Lalín llama a aumentar el censo y promueve una campaña de empadronamiento.*
- Faro de Vigo, 27.XII.2017: *El Registro estará abierto las tardes de los días 28 y 29 para facilitar los empadronamientos.*

Os datos espidos da realidade que confrontamos son os seguintes, consonte co IGE-INE:

A Estrada Cifras oficiais da poboación a 1 de xaneiro	Lalín Cifras oficiais da poboación a 1 de xaneiro
2004: 22.217	2004: 20.698
2005: 22.102	2005: 20.732
2006: 22.013	2006: 20.779
2007: 21.908	2007: 20.867
2008: 21.886	2008: 21.130
2009: 21.880	2009: 21.254
2010: 21.828	2010: 21.216
2011: 21.759	2011: 21.127
2012: 21.657	2012: 20.409
2013: 21.464	2013: 20.048
2014: 21.197	2014: 20.158
2015: 21.025	2015: 20.005
2016: 20.891	2016: 20.044
2017: 20.700	2017: 20.075
2018: 20.661	2018: 20.103
2019:20.479 (prov.)	2019:20.218 (prov.)

Remontarse a que A Estrada tiña máis poboación³ que Santiago en 1900 –A Estrada: 26.838 veciños; Santiago: 24.120–, e bastante máis que Lalín no arranque do século XX –16.238 lalinenses en 1900– pode resultar exótico, pero non é funcionalmente operativo para atopar unha solución efectiva, rápida e útil á patoloxía que hoxe nos aflixe.

Polo demais, a fecundidade⁴ ven sendo moi similar nas últimas dúas décadas, oscilando entre 0'87 e 1'23 fillos por parella no caso concreto da Estrada, o que está no entorno galego, que *grosso modo* vai de 0'9 a 1'1 fillos nos últimos decenios, e que por outra banda vén sendo a fecundidade máis baixa das NUTs-II europeas –rexións estatísticas–, agás outras dúas rexións españolas, que son Canarias e Asturias. E digo *fillos por parella* para rachar deliberadamente a teima académica convencional de poñer o foco na muller e non no varón cando se fala de fecundidade ou de natalidade en xeral, sendo a cotío máis responsables os homes cás mulleres desta seca natalicia, como demostra o maior número de adopcións por mulleres soas que por homes sós, asemade como a valentía delas á hora de someterse tamén soas e cada vez máis a tratamentos de fertilidade e fecundación.

En contraste, a mortalidade na Estrada vai medrando conforme a poboación acada unha maior media de idade. Axiña veremos neste senso o impacto da Covid-19, coas súas posteriores patoloxías latentes, que se ha engadir á persistente inercia dos 250-300 finados anuais dende os 70 do pasado século –con picos de 311 mortos anuais, en 1997 e 2009. Se nos achegamos á actualidade, veremos como A Estrada tivo que chorar 281 mortos en 2018. Fronte a esa colleita da morte, só houbo 106 meniños nados nese mesmo 2018, que polo de agora son o mínimo natalicio local, o que tamén nos levou ao peor saldo vexetativo, xunto co de 2016: 175 estradenses menos nun só ano.

3 *La Voz de Galicia*, 9.VI.2019 –aínda que o INE reporta 23.916 estradenses en 1900, chegando ao máximo de 28.716 en 1960; para o caso de Lalín, o pico poboacional dende 1900 acadouse en 2009, con 21.254 veciños–.

4 Para o IGE:
Índice sintético de fecundidade ou número medio de fillos por muller
Representa o número esperado de fillos por muller ao longo da súa vida fértil (de 15 a 49 anos).
Obtense como a suma das taxas específicas de fecundidade por idade.

Se examinamos os saldos migratorios, resulta que A Estrada non os ten tan negativos como semella querer crese en toda Galicia, contando os saldos co resto de España e co estranxeiro. De feito, A Estrada perde máis xente polo exceso de mortes sobre os nacementos que pola emigración compensada coa inmigración. En calquera caso, resulta evidente que co baixón de veciños en idade fértil experimentado dende a década de 1980, por moito que medre a fecundidade das parellas estradenses –sempre dentro do deprimente contexto europeo–, se desexamos manter vizosa A Estrada haberá que atraer máis xente de fóra para soste-lo pulo poboacional e socioeconómico. Ao cabo, para chegar lonxe haberá que camiñar sobre as dúas pernas: máis nacementos –incluídas adopcións, sobre todo internacionais– e máis asentamentos –de galegos, españois, europeos ou estranxeiros. O desexable sería manter un equilibrio dinámico entre ambas as dúas extremidades, sobre todo para evitar anomalías, como a vivida en Vilaboa en 2006, con problemas de integración e agromar de noxenta xenofobia.

Se nos atemos á información da prensa, os esforzos mobilizadores da Corporación lalinesa centráronse na captación de veciños orixina-rios dos concellos lindeiros, principalmente dos máis deprimidos demograficamente, como Dozón e Agolada, e en menor medida de Rodeiro e Vila de Cruces, xa que Silleda⁵ emprendeu unha carreira similar á de Lalín. De todos os xeitos, a iniciativa da Estrada semella máis racional e, se se me permite, patriótica, por canto non estimula unha *suma de saldo 0*, e moito menos unha *suma de saldo negativo*, por canto non busca restarlle poboación de dereito a Forcarei ou a Cerdedo-Cotobade, nunha enlouquecida carreira cara ó abismo para todos e a moi curto prazo, senón que pretende acadar solucións atinadas, sostibles no tempo e fundamentalmente por consenso.

Con todo, esta hipotética competición A Estrada-Lalín polo ouro demográfico do cerne xeográfico de Galicia merece ter en conta a evolución poboacional dos últimos anos, fornecida polo INE-IGE. Xa avanzo que son inimigo do *ruído documental* ou *intoxicación inflacionaria*, tan común nos eidos académicos, por saturación de datos irrelevantes, trasnoitados ou simplemente correlacionados, que di-

5 *Faro de Vigo*, 9.X.2016: Campañas de empadronamiento en Lalín y Silleda:

ficultan a urxente toma de decisións. Abusar deses datos é lícito na recreación histórica e nun exercicio de mera erudición, pero neste caso sería algo así como pedirlle a un infartado as analíticas do colesterol dos últimos 50 anos mentres os médicos agardan en urxencias a ver que fan co doente en risco mortal.

En resumo, se A Estrada continuase tendo máis falecementos que nacementos, cun saldo vexetativo negativo de tres dízitos –de máis de 100 veciños desaparecidos sen relevo xeracional, con picos de 175 estradenses menos ao ano–, saldo negativo principalmente inducido pola constante caída dos nacementos, a piques de baixar dos 100 anuais –112 en 2016, e só 106 en 2018–, daquela en cousa de tres ou catro anos, nun lustro como moito, probablemente perdería de maneira irremisible ese cobizado chanzo dos 20.000 habitantes. Despois, a costa abaixo sería máis pronunciada e difícil de remontar, por non dicir imposible. Daquela, trátase de reaccionar axiña e obter resultados agora ou nunca. Sen resultados positivos, todo o demais sería laretar.

Cómpre engadir que ter xente, e sobre todo xente nova, é un seguro complementario para dinamizar a economía local. É a xente nova a que turra do consumo e estimula o investimento, a que adoita ser contribuínte neta para soste cos seus tributos servizos públicos xerais e vitais. No eido inmobiliario vese con absoluta claridade: é a xente nova, a que se atopa na franxa de fertilidade útil, a que ten tempo por diante para adquirir unha vivenda e poder amortizar un préstamo que a financie, e tamén para iniciar un proxecto emprendedor autónomo que xere novos empregos, sen medo a entrar en perdas e coa posibilidade de ter unha segunda oportunidade emprendedora ao longo da súa vida.

As consecuencias da caída da poboación nova

Sen xente nova non hai futuro para ninguén. Tampouco para A Estrada. A xente nova é a que garante o porvir, a que ten forzas e pulo para emprender nos eidos económico, empresarial, social e cultural. É a que pensa en facer cousas novas dun novo xeito. É a que ten tempo vital por diante para experimentar, errar e se erguer. Sen ela só agarda unha permanente decadencia e dexeneración.

A primeira fonte desa xente nova son os nacementos –e as adopcións– entre os conveciños do propio pobo, aínda que tamén hai que contar con atraer máis nenos e mozos de fóra, da man das súas familias.

Por seguir coa comparativa coa capital do Deza, vexamos como na Estrada naceron menos nenos que en Lalín no último trienio, a pesares de ter esta menos poboación nas pasadas décadas:

A Estrada Nacementos	Lalín Nacementos
1975: 312	1975: 261
1976: 350	1976: 262
1977: 384	1977: 238
1978: 348	1978: 249
1979: 377	1979: 251
1980: 357	1980: 263
1981: 326	1981: 221
1982: 276	1982: 240
1983: 282	1983: 200
1984: 255	1984: 187
1985: 211	1985: 197
1986: 230	1986: 177
1987: 186	1987: 182
1988: 214	1988: 191
1989: 205	1989: 185
1990: 169	1990: 186
1991: 156	1991: 169
1992: 176	1992: 165
1993: 160	1993: 143
1994: 153	1994: 141
1995: 160	1995: 147
1996: 146	1996: 128
1997: 151	1997: 135
1998: 144	1998: 143
1999: 157	1999: 117
2000: 134	2000: 116

A Estrada Nacementos	Lalín Nacementos
2001: 160	2001: 127
2002: 152	2002: 127
2003: 151	2003: 155
2004: 150	2004: 122
2005: 142	2005: 132
2006: 139	2006: 165
2007: 159	2007: 145
2008: 169	2008: 169
2009: 141	2009: 148
2010: 135	2010: 156
2011: 186	2011: 152
2012: 172	2012: 129
2013: 142	2013: 151
2014: 134	2014: 122
2015: 162	2015: 147
2016: 112	2016: 137
2017: 140	2017: 141
2018: 106	2018: 127

Fagamos agora unha inmediata proxección sobre os 106 meniños nados na Estrada durante 2018, sen vaticinar o pesadelo da baixada axiña do centenar de nacementos anuais, que sería un sinal perigosísimo para o futuro do pobo estradense. Centrémonos simplemente no impacto dese dato no eido do ensino e das actividades relacionadas coa primeira infancia –espazos lúdicos privados, demanda de libros infantís e de material de papelería, de xoguetes, roupa, cuidadores e profesores privados de apoio,...

Segundo a web da Consellería de Educación, no territorio do Concello da Estrada hai sete centros que ofertan educación infantil de 3 a 6 anos de idade, que son:

- CEIP Cabada Vázquez, Codeseda
- CPR Plurilingüe Nosa Señora de Lourdes, A Estrada
- CEIP Pérez Viondi, A Estrada.
- CEIP do Foxo.

- CEIP de Figueiroa.
- CEIP Plurilingüe de Oca.
- CEIP Manuel Villar Paramá, Outeiro de Veá.

Pois ben, se consonte o IGE en 2018 só naceron 106 nenos na Estrada –52 meniños e 54 meniñas– infírese que con moita probabilidade no curso 2021-2022 este ha ser o número de raparigos que se han repartir de entrada nas aulas de 3 a 4 anos de idade –4º nivel de educación infantil– deses sete centros de ensino. É dicir, que se non hai familias que se dan de baixa no padrón da Estrada nin se dan de alta outras con nenos desa idade, eses sete centros han ter 15 alumnos de media, –exactamente 15'14– na devandita primeira aula de infantil.

Feitas diversas esculcas, resulta que no termo municipal da Estrada súmanse neses centros un total de 10 aulas para nenos de 3 anos –concretamente 9 de titularidade pública e 1 concertada. Isto implica que para o ano académico 2021-2022 haberá de media 10'6 nenos de tres anos por aula, cos naturais axustes por mor do mes de nacemento de cada neno para considerar o seu curso de incorporación.

10'6 nenos por aula de media, cando as aulas e as súas dotacións veñen orzamentadas para ata 25 nenos por aula. Durante canto tempo poderá o Goberno autonómico, ou podería calquera Goberno europeo, soste unha *ratio* tan baixa, considerando só os custes fixos que comporta cada aula? En moitas vilas de Galicia mesmo asistimos á competencia entre centros públicos de ensino para matricular novos alumnos e garantir así a súa subsistencia un curso máis, nunha suicida competición de suma negativa. Seica non hai necesidade de crear máis prazas de residencias para anciáns e máis prazas de persoal médico e sanitario para unha poboación máis avellentada e, por tanto, máis necesitada deses servizos e doutros servizos asistenciais? A milagre dos pans e dos peixes non existe en economía. Se houberse que redistribuír recursos sempre escasos, non sería de estrañar que se pechasen algunhas desas aulas para investir os recursos aforrados en máis médicos e ATS por mor da lexítima presión popular.

Pero pensemos un chisco alén, no 2030-2031. Na Estrada hai catro centros educativos dedicados á ensinanza secundaria obrigatoria:

- IES nº 1: 2 aulas de 1º ESO.
- IES Manuel García Barros: 3 aulas de 1º ESO.
- IES plurilingüe Antón Losada Diéguez: 2 aulas de 1º ESO.
- CPR plurilingüe Nosa Señora de Lourdes.

Se se mantiveran as oito aulas para 1º da ESO que suman eses catro centros, e os 106 nenos nados en 2018 se matriculasen neles, cada aula de 1º da ESO tería unha media de 13'25 alumnos, cando cada unha desas aulas está orzamentada ata os 30 alumnos. Nun mundo ideal sería estupendo, pero se nada muda, nunha década por diante as necesidades da Estrada farán replantexar moitos servizos educativos e outros correlacionados. Os 28 nenos nados en Cuntis durante 2018, ou os 14 en Forcarei e os 26 en Cerdedo-Cotobade, poderían ser unha axuda temporal cara a ningures, pero como galego de nación non vexo o de espir un santo para vestir outro, ademais do inxusto que sería para eses mozos e as súas familias dos restantes concellos irmáns.

Con este panorama, e considerando que as librerías e papelerías viven fundamentalmente do libro escolar, subsistirá algunha librería ou papelería na vila contra 2030? Algunhas xa pecharon hai pouco, mesmo fronte por fronte dalgún centro de ensino. E que sucederá con outras empresas, actividades e negocios dependentes da demanda das familias para atender a eses rapaces? Pensemos en academias de reforzo, academias de idiomas, negocios de equipamentos deportivos,...

Polo contrario, o sector que non vai esmorecer nunhas décadas será o relacionado coa morte: tanatorios, pompas fúnebres, floristerías... Nun estudo da Universidade da Coruña, promovido e financiado en 2008 polo Tribunal Galego de Defensa da Competencia (TGDC)⁶, calculábase daquela unha marxe de beneficios no sector dos servizos funerarios galegos do 25% anual. Poucos sectores empresariais chegan a esas ganancias, e conforme vaia morrendo máis xente e mentres non xurdan outros competidores próximos, resulta moi previsible que as ganancias dos negocios ligados á morte medren aínda por riba. Triste paradoxo e funesta advertencia.

6 *El sector de servicios funerarios en Galicia desde el punto de vista de la competencia:* http://www.tgdcompetencia.org/estudios/est_24_2008_EE_servicios_funerarios_es.pdf

Menos nacementos e nenos, máis vellos e mortos. A economía en troques non se compensa automaticamente. Instalados nesta dinámica, A Estrada sería como unha casa que para manter acesa a súa lareira fose queimando mesas, camas, armarios, ... ata queimar as trabes ou vigas da propia casa, co que iso implica.

E se todo segue esta derrota –falando en termos náuticos– despois de rematados os estudos, logo haberá menos estradenses para investir nun piso, nunha casa ou en terreos, co que os estradenses que precisasen vender esas propiedades na súa vellez mesmo perderían cartos e mentres terían que facer fronte a impostos diversos con activos depreciados, pero taxados con prezos antigos. Haberá menos estradenses para formar novas familias e enviar aos seus fillos ás escolas e aos institutos que subsistan. E xa por baixo dos 20.000 habitantes, con menos diñeiro público e privado circulando pola Estrada, abriríase unha fenda insondable e difícil de superar, moito máis difícil dende logo que neste 2020, no que algo haberá que sementar para colleitar os froitos debidos, que manteñan viva e con azos á Estrada do porvir.

Unha proposta terapéutica para unha Estrada nova

É certo que as grandes pancas demográficas adoitan ficar en mans dos Estados e algunha mesmo na Unión Europea, se nos fixamos no noso contexto continental. A lexislación fiscal, laboral e migratoria son de berce estatal e condicionadamente europea. Mais iso non quere dicir que unha localidade se resigne á derrota que leva a nave municipal.

A Estrada xa fixo algo extraordinario ao constituír a súa *Comisión Especial de Reto Demográfico*, da que non coñezo precedentes municipais. Si houbo grandes consensos noutros concellos, aínda que menos ambiciosos. O 17 de agosto de 2016 glosaba eu na miña columna xornalística outra milagre acontecida no Valadouro, baixo o título *Aprenda Galicia do Valadouro*⁷, por canto alí a proposta dun solitario concelleiro da oposición –creo lembrar que do BNG, sendo a Alcaldía do PSdeG-PSOE–, aprobouse por unanimidade unha

7 *La Voz de Galicia*, 17.VIII.2016, A síndrome G, páx. 13.

ordenanza para a concesión de axudas a prol do fomento da natalidade⁸, que di na súa Exposición de Motivos:

A familia está amparada pola Constitución Española que, no seu artigo 39 asegura a protección social, económica e xurídica da mesma. Asimesmo, os artigos 25 a 28 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, outorgan ó municipio competencia para promover a prestación de servizos sociais nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, podendo realizar actividades complementarias das propias ou de outras administracións públicas e, en particular as relativas á educación, a cultura, a promoción da muller, a vivenda, a sanidade e a protección do medio ambiente. O descenso do índice de natalidade é un feito xeralizado nos países desenrolados sendo, especialmente significativo o exemplo español. No noso país, dende mediados do anos 70, dito índice experimentou unha notable tendencia á baixa, representando, na actualidade, unha das taxas máis baixas de Europa. (...)

Esta medida de apoio encontra o seu fundamento na lóxica necesidade de que, sendo a natalidade un beneficio para todos, é lexítimo que entre todos se axude ós pais a soportar as indudables cargas que se ocasionan sobre todo nos primeiros meses de vida dun neno/a. Trátase así de remover os obstáculos que entorpecen a propia vontade das parellas de elixir a dimensión da súa familia, de conquistar que a decisión de ter ou adoptar un fillo dependa unicamente das conviccións ou desexos persoais, non de causas alleas ás mesmas. Deste modo, as axudas previstas tratan de favorecer a decisión en última instancia sempre persoal, de ter ou adoptar un fillo, paliando os desembolsos económicos que supón a incorporación dun novo membro á unidade familiar nos primeiros meses.

A axuda do Concello do Valadouro non era extraordinariamente abondosa –600 euros por nacemento ou adopción, a pagar en tres anos, a razón do 60%, 20% e 20%–, e de feito en Galicia hai concellos con axudas máis elevadas para a mesma finalidade –p.ex. nos últimos anos, Baltar, con 3.000 euros; Irixoa e Monfero, con 1.500 euros; San Cristovo de Cea, con 1.200 euros; A Lama e Aranga, con 1.000 euros... O verdadeiramente extraordinario do Valadouro foi a unanimidade das forzas políticas e a iniciativa dun solitario concelleiro da oposición. Unha unanimidade que é máis doada de atinxir nos concellos con censos reducidos, porque eles ven a cotío e sen alambiques ideolóxicos como con cada funeral tamén vai finando o pobo.

O ano pasado presentei a miña novela *Fuxir de Proxería* no concello con menos veciños de Galicia, en Negueira de Muñiz –215 habitantes, con 4 defuncións e 2 nacementos durante 2018. Tra-

8 B.O.P. de Lugo, nº 237, do sábado 15.X.2016, páx. 16 e ss.

ballar a unha escala reducida é fundamental para atopar solucións innovadoras en calquera orde da vida. Alí coñecín como se pasou de ter máis de 1.500 habitantes entre 1930 e 1950, a caer por baixo dos 500 a causa da diáspora cara outras rexións españolas antes de que arrancase o proceso autonómico nos 80, pero tamén vin como tentan conter a severa sangría vexetativa dende 2010.

Por iso son importantes as iniciativas municipais, menos ideoloxizadas con apriorismos e prexuízos e máis ligadas á realidade social do entorno inmediato. O grande valor da iniciativa estradense é que xurde do amor polo propio e do sincero desexo de revitalizar o concello, que é suma do seu pobo, do seu territorio e dos seus costumes. Que ha ser da rapa das bestas máis universal cando non fiquen ningún veciño mozo en Sabucedo ou de Sabucedo? Contratarase cunha empresa, igual que fan algúns concellos con actividades que antes eran costume vivo da comunidade local? Cabalgatas de Reis, cacharelas do San Xoán, magostos, maíos, entroidos, rapas,... Todo é susceptible de se converter nalgo mercantilizado e contratado administrativamente, mais non é o mesmo. Sen xente que viva as tradicións, a cultura popular pasa a ser sucedáneo, a esmorecer e finar de xeito agónico. Quen verdadeiramente ame a Galicia, ao pobo galego, ten que actuar e sementar para obter froitos.

De aí que a meirande ferramenta para reverter o encollemento da Estrada sexa o consenso político, extensible ao resto da urdime social e económica da vila, lembrando que o óptimo é inimigo do bo, e que todos deben ceder a prol dunha mellora permanente e sustentable polo rexuvenecemento estradense.

Ao meu xuízo ese consenso debера ser institucionalizado, e no eido local a mellor maneira de facelo é mediante a aprobación dunha Ordenanza codificadora que conte co meirande respaldo posible, e mesmo mellor coa unanimidade.

Modestamente, xa no meu precitado artigo *Lalín: o noso Stalingrado demográfico*, propoñía un modelo de ordenanza, sobre o que falara en diversos foros, tanto en Galicia como fóra dela, e que consta a dispor dos cidadáns en <http://ordenanzadeimpulsodemograficolocal.blogspot.com/>. Sen embargo, este só é un modelo continxente. Os seus artigos e preceptos poden ser distintos. O verdadeiramente

importante sería sempre a xenuína codificación das medidas municipais a prol da natalidade e do asentamento de novos veciños co respaldo unánime do Pleno do Concello ou, de non atinxirse, cunha maioría super-cualificada, que inclúa ás meirandes forzas políticas nel representadas e co respaldo social suplementar da maioría dos actores colectivos da vila. Non vou ir alén neste punto, agás que se me pregunte sobre medidas concretas expostas nese modelo, sempre mellorable, porque todo o que penso está recollido nas miñas obras e artigos, e sobre todo porque neste eido valoro moito máis o consenso para mantelo durante un par de xeracións –ou sexa, durante máis de medio século– que a idoneidade técnica de calquera proposta concreta.

En troques, non me resisto a deixar de comentar algunhas cousas curiosas que vexo na Estrada, e que me chamaron a atención como «foráneo» de sangue cando comecei a coñecer a localidade por causa do meu casamento cunha estradense no ano 2000, e a frecuentar moitas das súas parroquias e lugares.

Unha das cousas que máis me impactaron foi comprobar como se difunde a socialización da morte. Explícome para non dar pé a erros ou suspicacias, avanzando xa que esa socialización mortuoria é moi común na maior parte de Galicia, e mesmo de Portugal, ata o punto de que en bastantes concellos hai máis de un tanatorio e que en non poucas parroquias galegas se decide por *referéndum* veciñal investir en velorios ben xeitosos os beneficios que dá o monte en man común antes que noutros equipamentos. Mesmo teño documentado como se chegan converter antigas escolas unitarias en velorios comunais, o que representa unha amarga parábola do que lle agarda ao pobo galego se non esperta xa, axiña, deste pesadelo que o consume.

Na praza da Farola da Estrada hai un panel acristalado onde se van pendurando os anuncios das mortes, velorios e cabodanos. Tamén nas portas e adros das igrexas hai esquelas e anuncios semellantes, así como en taboleiros das diversas parroquias. Por que non celebramos con meirande ánimo cada nova vida? Por que non anunciamos neses e en máis paneis, mesmo nas pantallas electrónicas municipais, o nacemento de cada novo estradense? Por que non facemos unha festa en cada parroquia na que nace un meniño ou

se adopta un picariño? Por que non realizamos un acto de presentación cívica de cada un deses pequenos veciños que van garantir o futuro da Estrada, e facelo no seu salón máis nobre, ou mellor, no teatro municipal, convidando a todos os que lle queiran dar a benvida e arroupar aos seus arriscados pais? E por que non organizamos unha colecta para que cada veciño doe un euro ou o que poida para agradecerlle aos proxenitores de cada novo estradense os sacrificios que asumen persoalmente polo ben de todos os conveciños? Así, o Concello podería dedicar a mesma contía que puxeran os cidadáns, sumando daquela unha cifra xeitosa a prol dos que tanto fan polo ben común do pobo.

Antes de eu casar, estiven nunha vila perto de Roma chamada Monterotondo e alí vin algo marabilloso: a xente poñía nas fiestras uns anuncios feitos con ganchillo que dicían *É nato un bimbo*, e os veciños deixaban regalos baixo deles. A súa lóxica é esmagadora, porque a vida vale máis cá morte, aínda que gastemos máis nun enterro e en todo canto o rodea, e tamén porque, como se lembra na Exposición de Motivos da Ordenanza do Valadouro *sendo a natalidade un beneficio para todos, é lexítimo que entre todos se axude ós pais*.

Do mesmo xeito, cómpre que A Estrada saia buscar novos veciños, pero non apropiándose dos de concellos lindeiros, aínda con maior risco poboacional. Non penso só nos 5.407 adultos orixinarios da Estrada que constan no Censo de Españois Residentes Ausentes (CERA) e nos seus fillos, senón na chea de españois e estranxeiros regularizados, residentes en Madrid e no seu entorno, sen ir máis lonxe, que están fartos de pagar prezos desorbitados por cativas e pequenas vivendas, ou que están cheos de vivir constrinxidos entre formigón e asfalto, sen verde e sen horizonte para que os seus fillos enreden e medren nun ambiente de escala e condición humanas, fillos que ateigan aulas con 25 ou 30 alumnos, ás veces en galpóns prefabricados. Bastantes deses *urbanitas* poden traballar a distancia, ou compaxinar traballo itinerante ou estacional con outra residencia alternativa. A maioría dese universo obxectivo de poboación non sabe que A Estrada está a escasos 20 quilómetros de Santiago de Compostela, e que nuns meses, cando se inaugure a conexión ferroviaria de alta velocidade, estará máis preto en tempo real da


mastodóntica conurbación madrileña, que vai resultar social e medioambientalmente insostible en poucos anos. Atraer a 500 ou a un milleiro desas familias nos vindeiros anos non resulta unha tarefa imposible, se se diseña unha campaña axeitada de información e se desenvolven programas de apoio –p.ex. de captación de solo para auto-edificar vivendas unifamiliares, con exención de taxas e garantindo certos servizos básicos de conciliación e apoio que, ao cabo, van ser compensados cos maiores ingresos que os novos estradenses xerarán para a Facenda municipal.

En consecuencia, A Estrada ten a oportunidade histórica ao alcance da man de inaugurar un novo vieiro vital que ilustre á Galicia interior, e por extensión a Galicia enteira e a esa España baleira que precisa de sangue novo, como os campos secos precisan de auga. Eu, que formo parte da *Red de Periodistas Rurales*⁹, presidida por Manuel Campo Vidal, podo dar testemuño de como en España non hai proxectos con tanto potencial como posúe o extenso municipio estradense. Se así o fai, moito me estrañaría que A Estrada non contase co apoio adicional do *Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico* –Vicepresidencia cuarta do Goberno español– e da propia Xunta de Galicia, ao fío da inminente *Lei de Impulso Demográfico (LIDEGA)*, e co respaldo financeiro dos novos Fondos da UE 2021-2027, xa que a propia Comisión Europea dotouse hai pouco dunha *Vicepresidencia de Democracia e Demografía*, exercida por Dubravka Šuica, baixo o mandato da presidenta Ursula von der Leyen.

Dende logo a iniciativa da Estrada é das máis serias e solventes que coñezo por Europa adiante. En nada se asemella a outras que se ven no noso continente, con esperpentos como o do alcalde de Montereau, a uns cen quilómetros ao sudeste de París, que a pesar de realizar un diagnóstico sensato –*un pobo sen nenos é un pobo morto*– receiptou parvadas para chamar a atención, pero sen procurar resultados¹⁰.

9 <https://reddeperiodistasrurales.com/>

10 https://elpais.com/internacional/2019/05/23/mundo_global/1558621767_587437.html
<https://www.leparisien.fr/societe/loiret-le-maire-propose-du-viagra-pour-repeupler-lecole-20-05-2019-8076174.php>
<https://www.youtube.com/watch?v=gLqHowADxpl>



Entre nós, en Galicia, houbo iniciativas ben asisadas pero que non medraron e decaeron. Velá a razoable proposta de Trabada, de vivenda de balde para atraer familias con nenos¹¹, e que obtivo un importante eco en toda España: «Trabada recibe 16 solicitudes interesándose por la vivienda gratis que ofrece este Concello por escolarizar a dos hijos entre tres y seis años»¹². Con todo, semella que os resultados non acompañaron, xa que a familia manchega que resistía con tres nenos está a piques de renunciar á súa vida alí¹³.

Se A Estrada consegue que medre algo a fecundidade e con ela o número de nacementos, xa que non está na nosa man deter o natural proceso da senescencia e a consubstancial morte, e ao tempo logra atraer a esas 500-1.000 novas familias de fóra, asentadas

11 *ABC* do 10.VII.2019: Un pueblo de Lugo ofrece casa y trabajo para salvar su colegio. https://www.abc.es/espana/galicia/abci-pueblo-lugo-ofrece-casa-y-trabajo-para-salvar-colegio-201907101307_noticia.html?ref=https%3A%2F%2Fwww.google.es%2Furl%3Fsa%3Dt

12 https://cadenaser.com/emisora/2019/07/10/radio_lugo/1562751462_993215.html

13 https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/amarina/trabada/2020/03/03/encanta-pueblo-vecinos-ayudan-trabajo/0003_202003G3P12999.htm

nas súas 51 parroquias e integradas co debido agarimo da veciñanza, o seu futuro estará asegurado. Asemade, se acada captar a algúns novos emprendedores que cren os seus propios postos de traballo e os de varios empregados adicionais, estará na mellor posición para entrar nun círculo socioeconómico virtuoso. Un círculo no que se revaloricen terras e propiedades, hoxe depreciadas pola declinante demanda existente, e tamén que anime ao comercio e ao consumo local. Un círculo que permita gozar dunha Facenda municipal máis solvente polos maiores ingresos e que por iso mesmo poida asumir máis e mellores servizos públicos, que ao cabo elevarán o nivel de vida e atraerán paulatinamente a máis novos veciños que críen nesta terra nenos e raparigos estradenses.

Consonte informa a prensa¹⁴, a *Comisión Especial de Reto Demográfico* da Estrada comezou a súa andaina efectiva o 28 de xullo de 2020. Fíxoo cun espírito positivo e aberto por parte das catro forzas políticas representadas no pleno do Concello, onde agora o Partido Popular dispón de 12 representantes, o PSdeG-PSOE de 6 concelleiros, Móvete 2 e o BNG 1, que conforman deste xeito os 21 concelleiros cos que hoxe aínda conta ese órgano municipal. En todo caso, por experiencia profesional noutros eidos da planificación e da programación, estimo que sería moi desexable deseñar por consenso unha estratexia integrada. Unha estratexia integrada a prol do rexuvenecemento que, ademais dunha Ordenanza codificadora básica que estea vixente baixo pacto neste senso durante canda menos dúas xeracións, sen prexuízo de avaliación periódica e da súa posible reforma, tamén incorpore medidas *ad hoc* que poidan render froitos a curto prazo –catro anos–, medio prazo –oito anos– e a longo prazo, aínda que inferior a unha xeración –catro mandatos electorais, ou sexa, dezaseis anos. Miremos como as nosas xentes plantan maceiras, piñeiros, castiñeiros ou carballos pensando nas súas necesidades e no tempo de medra, nos fillos e na chegada dos netos. A Ordenanza co-

14 *Faro de Vigo*, 29.7.2020: A Estrada activa la comisión de reto demográfico para no bajar de 20.000 vecinos y retener ingresos
<https://www.farodevigo.es/portada-deza-tabeiros-montes/2020/07/29/estrada-activa-comision-reto-demografico/2320028.html>

La Voz de Galicia, 29.7.2020: Móvete y BNG presentaron medidas sobre suelo industrial o mejoras de Internet en el rural
https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/deza/2020/07/29/movete-bng-presentaron-medidas-sobre-suelo-industrial-mejoras-internet-rural/0003_202007D29C4995.htm

dificadora sería a clave de bóveda da estratexia, por canto outorgaría unha elemental e básica seguridade xurídica ás persoas que decidan asumir na Estrada un dos maiores riscos subxectivos e intransferibles nestes tempos, como é a decisión de ter ou adoptar un fillo, un fillo que ademais engrosará e rexenerará a comunidade *estratense*.

Así que moito ánimo, moita perseverancia e moita sorte aos que deben falar, negociar, transixir, sementar e colleitar os froitos desa nova *Comisión Especial de Reto Demográfico*. Como estradense por afinidade, como patriota galego, español e europeo, oxalá que A Estrada medre e rexuvенеza, que sexa facho e guía que nos ilustre ao resto dos galegos. E remato parafraseando as anteditas palabras de Castela: non poñamos chatas ao que se fai, porque hai sitio na obra para traballar todos. Trallemos arreo polo porvir da Estrada e das súas xentes.

Peche

A Estrada ten que vivir, non só sobrevivir ou simplemente subsistir. Ten que vivir e non só por ela mesma, senón tamén por Galicia. Se miramos o mapa galego, poderemos comprobar como ao leste da Estrada e logo de Lalín xa non hai vilas co seu potencial de resiliencia ou, por mellor dicir, de longanimidade. Monforte de Lemos xa perdeu a cota dos 20.000 habitantes no ano 2000 e agora está por baixo dos 18.500, camiño da irrelevancia, mentres as capitais provinciais de Ourense e Lugo chuchan os escasos efectivos mozos que tamén minguan nesas provincias. En termos estratéxicos, tanto a Estrada como Lalín son os últimos parapetos para deter o avance do que eu denomino en *Fuxir de Proxería* como *a terra do xabaril*. Unha terra des-antropizada, subsidiada, sen pulso socioeconómico, onde fican vestixios de vida humana pero non vida humana con esperanza. Fican ermidas vencidas, cemiterios sen flores ou con algunha flor de plástico, agás por uns días cadrando coa festividade de defuntos. E, especialmente, fica o toxo e o xabaril, os camiños comestos polas silveiras e un silencio sepulcral pero atronador, onde xa non se oen cantares novos e xogos infantís na nosa lingua, porque sen relevo xe-racional tampouco haberá lingua para mocear, para aloumiñar, para enredar e para rir. Sen relevo morre Galicia como corpo social.

Así que está nas mans do Concello da Estrada facer algo que ningún fixo na Galicia contemporánea: loitar na fronte demográfica, sen desertar nin renderse. Cando se loita pódese gañar ou perder, vivir ou morrer, pero canda menos demóstrase nervio, coraxe, valor, afouteza. Forza, pois, *estratenses*, por vós e por Galicia enteira, faldade, discutide, acordade, actuade, perseverade. Que os devanceiros vos inspiren, porque en peores circunstancias eles fixeron vida e erxeron A Estrada da que hoxe gozamos.